



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA  
ECONÓMICA A CONCELLOS  
SECCIÓN I

## **ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS**

Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2023

**GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR:**

1. **Resolución da Presidencia núm. 54466/2022, con data do 30/12/2022, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2023.**

Primeira Xustificación:

2. **Resolución da Presidencia núm. 18308/2023, con data do 08/05/2023, que aproba a primeira xustificación de gastos do exercicio 2023.**

Segunda Xustificación:

3. **Resolución da Presidencia núm. 26288/2023, con data do 30/06/2023, que aproba a segunda xustificación de gastos do exercicio 2023.**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 2022000052453**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

**ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local. Fixa para o grupo político provincial PARTIDO POPULAR un importe trimestral de 27.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Partido Popular dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RCP 220229000787.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2023, por un importe de 27.000,00 € a prol do Grupo político provincial PARTIDO POPULAR (NIF: V70466776) e ingresalo na súa conta IBAN ES88 2080 0099 3930 4001 7216.

**SEGUNDO.-** O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2023.

**TERCEIRO.-** Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

**CUARTO:** O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

**QUINTO:** A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

**SEXTO:** Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**OCTAVO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 2022000052453**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

### **ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o Grupo Provincial Socialista un importe trimestral de 27.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Partido Popular dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 26.843,98 € e para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Dar por xustificado o importe de 26.843,98 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre **30 de enero do 2023 e o 02 de maio do 2023..** En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 02 de maio do 2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		108.000,00
I.-Achega máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		63.000,00
II.- Importe trimestral da asignación		27.000,00
III.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		26.843,98
IV.-Importe reposición por gastos xustificadas ata 02 de maio do 2023	1ª xustificación	26.843,98
	Total xustificado	26.843,98
V.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		26.843,98
VI.- Pagos recibidos polo grupo: 27.000,00+26.843,98		53.843,98

**SEGUNDO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao segundo pago do 2023, por un importe de 26.843.98 € a prol do Grupo político provincial PARTIDO POPULAR (NIF: V70466776) e ingresalo na súa conta IBAN ES88 2080 0099 3930 4001 7216.

**TERCEIRO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**CUARTO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 2022000052453**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A ÚLTIMA XUSTIFICACIÓN DA ASIGNACIÓN DO MANDATO INICIAL DO EXERCICIO 2023 DO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

### **ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o Grupo Provincial Socialista un importe trimestral de 27.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Partido Popular dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 16.146,46 € .

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Dar por xustificado o importe de 16.146,46 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre 19 de maio do 2023 e o 28 de xuño do 2023. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 28 de xuño do 2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		108.000,00
I.-Achega máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		63.000,00
II.- Importe trimestral da asignación		27.000,00
III.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		26.843,98
IV.-Importe reposición por gastos xustificadas ata o 28 de xuño do 2023	1ª xustificación	26.843,98
	2ª xustificación	16.146,46
	Total xustificado:	42.990,44
V.- Pagos recibidos polo grupo: 27.000,00+26.843,98		53.843,98
VI.- Importe que ten que reintegra o grupo político provincial		10.853,54

**SEGUNDO.-** O grupo político provincial Partido Popular **deberá reintegrar, antes do 10 de xullo do 2023**, o importe librado “a xustificar” e non aplicado a súa finalidade polo importe de **10.853,54 €** que deberá ingresar na conta operativa que a Deputación Provincial ten aberta na Entidade ABANCA: IBAN ES49 2080 0000 7131 1000 0010, NIF: P-1500000.

O importe referido deberá repoñer crédito na partida orzamentaria 00.00/912.02/480.

**TERCEIRO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**CUARTO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.